



Por terceiro ano consecutivo, o Concello de Sarria súmase á campaña **En Negro Contra As Violencias**. Un proxecto de sensibilización colectiva e visibilidade, que afonda nas causas da violencia de xénero e na necesidade de implicar a toda a sociedade na procura dun só obxectivo: 0 vítimas!

Esta aventura que empezou hai catro anos en Santiago de Compostela, logrou unir o ano pasado a 75 concellos e a máis de 5000 entidades e establecementos: **300 na nosa vila**. E o fixo á marxe de cores políticos, agrupando forzas e poñendo o acento na orixe.

“**Sarria En Negro**” desenvolverase conxuntamente con outras 95 vilas e cidades galegas co obxectivo de poñer sobre as axendas, coa maior contundencia posible e dunha vez por todas, a violencia machista como un problema público, de toda a cidadanía.

Desde a Concellaría de Igualdade consideramos que a actual situación require dunha resposta unánime de toda a sociedade que poña de manifesto o rexeitamento de todas as formas de violencia contra as mulleres. Para iso, animamos ao sector do comercio e a todos os axentes sociais do municipio a implicarse na campaña, xa que consideramos que tedes o protagonismo das rúas de Sarria, e sodes o gran escaparate que pode transmitir á cidadanía a mensaxe de denuncia e solidariedade: **queremos Sarria libre de violencias machistas!**

**Do 19 ao 25 de novembro**, viste a túa tenda, comercio, empresa, bar, posto do mercado, etc. de negro, viste os manequíns, os manteis do teu restaurante, ou a ti mesmo/a de negro, nós facilitarémosche material e información, que tamén compartiremos nas redes sociais.

Se queres participar só tes que chamar ao CIM: **982535061** ou enviar un correo electrónico a [cim@sarria.es](mailto:cim@sarria.es) cos datos do establecemento (nome e enderezo) e da persoa de referencia (nome e teléfono) antes do 12 de novembro. Deseguida contactaremos contigo.

Agardamos contar coa vosa participación.

Sarria, 29 de outubro de 2018.

Delegación de Cultura, Igualdade e Xuventude.